



007376 19.10.2010 09:45

Á vista do escrito de 13 de outubro de 2010 do Director da Escola Politécnica Superior (en adiante, EPS) e responsable da Finca de Prácticas da Escola, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos en prácticas das titulacións da Escola Politécnica Superior de Lugo.

-Considerando que as titulacións impartidas na EPS recollen a posibilidade de que os alumnos realicen prácticas en empresas, institucións públicas ou privadas ata un máximo de 500 horas e un mínimo de 180 horas computándose 1 crédito de libre configuración cada 30 h, para as titulacións de *Enxeñaría Técnica Agrícola, Enxeñaría Agrónoma, Enxeñaría Técnica Forestal, Enxeñaría de Montes, Enxeñaría Técnica en Topografía e Enxeñaría Técnica en Obras Públicas, especialidades en Transportes e Servizos Urbano*. Así mesmo, no plan de estudos dos *Graos en Enxeñaría en Xeomática e Topografía, Enxeñaría Civil, Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias, Enxeñaría Agrícola e do Medio Rural, e Enxeñaría Forestal e do Medio Natural*, figura a posibilidade de recoñecemento de Prácticas Externas, de 6 ECTS cun traballo do alumno de 25 h por cada ECTS. Con estas prácticas preténdese que os estudantes desenvolvan os coñecementos e habilidades adquiridos ao longo dos estudos.

-Considerando que a Finca de Prácticas da EPS arriba citada está integrada na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos das titulacións impartidas na EPS coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudantado.


ESTA REITORIA RESOLVE

1. Autorizar a realización de prácticas do alumnado das titulacións da Escola Politécnica Superior nas instalacións da Finca de Prácticas da EPS de Lugo,
2. Establecer que o réxime das practicas será o seguinte:
 - Estas prácticas realizaranse no período que determinen as Comisións Responsables destas titulacións de acordo coa Dirección da Finca de Prácticas, e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
 - Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
 - Estas prácticas non comportarán compensación económica. O feito de que o alumnado realice prácticas na Finca de Prácticas da EPS de Lugo non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
 - Os alumnos que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.

- As Comisións Responsables das titulacións da EPS de Lugo nomearán a un titor, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, o responsable da Finca de Prácticas da EPS nomeará a un titor deste centro que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaráase a USC a través do titor/-ra, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-ra de prácticas da Finca de Prácticas.
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable da Finca de Prácticas emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2010

O REITOR



[Handwritten signature]

José Casares Long

**SR. DIRECTOR DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA
SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA
SR. DIRECTOR DA FINCA DE PRACTICAS DA EPS**